



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274
persoal@sada.gal

ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada ditou o 2-9-2020 a resolución núm.1833/2020 que a continuación se transcribe literalmente:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación da bolsa de emprego de normalizador/a lingüístico/a resultado do PS 25-2020)

Considerando á 9ª das bases xerais para elaborar bolsas de emprego con carácter interino para postos de persoal funcionario e laboral do concello durante o 2020. (BOP núm.24, 5-2-2020)

Considerando a convocatoria específica, aprobada polo Decreto da Alcaldía núm.1722/2020, do 17 de agosto (BOP núm.133, 19-8-2020) para a confección dunha bolsa de emprego con carácter interino para postos de persoal laboral ou persoal funcionario interino de normalizador/a lingüístico/a.

Considerando a proposta do Tribunal cualificador de aprobación da dita bolsa de emprego, resultado da realización do proceso selectivo.

En virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

1º.- Aprobar a listaxe da bolsa de emprego con carácter interino para postos de normalizador/a lingüístico/a de persoal laboral temporal ou persoal funcionario interino do Concello de Sada, que se reflicte de seguido, a cal terá unha vixencia de 3 anos, prorrogable por outros 3 anos máis en caso de que sexa necesario para o normal funcionamento do servizo:

Orde de prelación na bolsa	Apelidos e nome	DNI	Puntuación do proceso selectivo
1	Méndez López, Iván	** 899 54* *	37,5
2	Vilaverde Santamariña, Beatriz	** 836 76* *	33
3	Fernández Zas, María	** 385 11* *	26

2º.- Publicar a dita bolsa no taboleiro, na web e no taboleiro da sede electrónica municipal".

O que se publica para xeral coñecemento

Sada, na data da sinatura dixital

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

-Taboleiro, Web e Taboleiro Sede Electrónica